

COMUNICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2015 (a noite do 23 de xuño ou a noite do 28 de xuño do 2015)

A persoa que asina e comunica a realización da fogueira será sempre o **responsable dos danos e prexuízos que esta ocasiona**

RESPONSABLE DA FOGUEIRA	
DNI/CIF	NOME E APELIDOS
ENDEREZO	
PARROQUIA	MUNICIPIO
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

COMUNICA:

A realización dunha fogueira na noite do de xuño que se realizará en:

DATOS DA FOGUEIRA
Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia, referencias)

E comprométese a cumprir as seguintes normas:

1ª) As persoas, organización ou comunidade que desexen realizar unha fogueira deberán comunicalo por escrito no rexistro municipal, tendo de **prazo ata o venres 19 de xuño inclusive** (peche do rexistro ás 13:30 horas), indicando o lugar elixido, nome, enderezo, teléfono e Nº de DNI do responsable da organización ou comunidade que deberá coidar os arredores e coñecer o número de teléfono da **Policía Local de Boiro (981 84 84 84)** e de **Protección Civil (610 55 83 83)**.

2ª) **Non se poderá depositar ningún material mentres non se presente a solicitude**

3ª) O representante será o responsable do cumprimento das presentes Normas.

4ª) Queda expresamente prohibido facer as fogueiras nas praias.

5ª) O volume de combustible da fogueira non sobrepasará os 8 metros de perímetro nin os 3 metros de altura.

6ª) A separación entre as fogueiras e os edificios e árbores serán como mínimo de 12 metros.

7ª) Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.

8ª) **Prohibirase a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, etc.** e en xeral de calquera sustancia que ó arder desprenda fume tóxico.

9ª) En ningún caso se botarán ó lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.

10ª) No suposto de que a fogueira se faga sobre terreos de uso público enlousados, os organizadores encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de, a lo menos, 10 cms.

11ª) Está totalmente prohibida facer a fogueira no asfalto

12ª) Ó finalizar a fogueira e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e comprométese a retirar do lugar da celebración, todos os restos que queden nun **prazo máximo de 48 horas**.

O cumprimento destas normas poderá ser verificado pola Policía Local ou persoal Autorizado do Concello quen neste caso dará contas das infraccións á Policía Local.

Lémbrese que o número de teléfono da **Policía Local** é o **981 84 84 84** e o de Protección Civil do Concello é o **610 55 83 83**.

Boiro de de 2015

ALCALDE DO CONCELLO DE BOIRO

Asdo.:

--